

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Carlos Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana

PDI-A

Falagán Mota, Jorge
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Ramos Vázquez, Antonio Manuel

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Collazo Fernández, Antonio
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Ríos Santomé, María José

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 16 de setembro de 2021, convocada para ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 09:30 h do día 16 de setembro de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en primeira convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto cos membros do órgano que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

• Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado

• Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

Punto único: Toma en consideración do recurso potestativo de reposición presentado polo decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e polo director del Departamento de Didácticas Especiais contra acordo do Consello de Goberno de data 27/07/21, de aprobación da memoria de verificación de títulos de graos, máster e doutoramentos, no que se refire ao Máster en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen expón o asunto. Solicitado informe á Asesoría Xurídica, emitido o 9 de setembro de 2021, o mesmo conclúe o seguinte: “o presente recurso de reposición debe ser inadmitido a trámite por falta de lexitimación activa dos recorrentes”. E asemade “sobre a solicitude de suspensión, que a suspensión dun acto vai ligada á interposición dun recurso, tal como se desprende da dicción do propio artigo 117, e que neste caso este está incurso, segundo entendemos, en causa de inadmisión a trámite”. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, establece no seu artigo 20 a) o seguinte: “No pueden interponer recurso contencioso-administrativo contra la actividad de una Administración pública: a) Los órganos de la misma y los miembros de sus órganos colegiados, salvo que una Ley lo autorice expresamente”. A maiores, a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS de 4 de febreiro de 2015) ratifica nun caso moi semellante ao que nos ocupa a opinión da nosa Asesoría Xurídica. Sobre as razóns anteditas, propónse ao Consello de Goberno seguir o parecer da Asesoría Xurídica e, consecuentemente, inadmitir a trámite o recurso presentado. E denegar a suspensión do acto solicitada.

Óscar García sinala que o recurso foi inadmitido inicialmente por ser un acto de trámite e que agora tampouco cabe admitilo, polo que o proceso non lle parece claro. Lembra como foron as actuacións levadas a cabo polo seu centro, xustificando a súa postura e queixase da xestión por parte do reitor neste asunto, lembrando as circunstancias relativas ao alumnado do seu centro, como futuras persoas egresadas, que se verían prexudicadas. Ao seu entender, como o título non é profesionalizante, xérase unha incongruencia. Lembra que non está de acordo co informe encargado pola Universidade a unha experta externa e que el mesmo consultou con outros despachos, podendo terse pedido outros informes. Expón as bases do recurso presentado, malia que pensa que non se admitirá a trámite. Insiste en particular no perfil de ingreso do alumnado e cita textualmente normativa universitaria ao respecto, queixándose de que quedarán excluídas as persoas egresadas do seu centro. A base do recurso entende que pretende crear un marco de entendemento respecto desta titulación. Remata agradecendo a invitación.

O reitor entende que hai unha discrepancia de fondo na que xa se entrou noutras sesións, malia que as lembra brevemente, aínda que felicita polo seu traballo ao Decano, en particular, na captación do alumnado. Percorre as liñas de actuación empregadas para resolver este asunto, como a mediación e o asesoramento xurídico, recomendado pola Asesoría e que foi unha experta independente. Cre que a actuación do reitorado foi impecable. Anima ao Decano a seguir negociando. Óscar García aclara que a súa impresión sobre a inadmisión ven da anterior. O reitor sinala que normalmente non se vota contra un informe da Asesoría Xurídica, que é un órgano independente, malia que non desmerece a calidade do recurso presentado.



José María Pazos Couto agradece a invitación e defende o recurso presentado, comentando que a aprobación dun máster sen consenso e en contra de todo un centro e un colexio profesional non é acaída, habendo outras temáticas de interese que poderían terse contemplado. Cre que a titulación atenta directamente contra outra que xa existe e que enfronta a dúas profesións. Seguirán a loitar pola súa idea e agradece a oportunidade da mediación proposta polo reitor, dado que entende que o alumnado da súa facultade resulta prexudicado. O reitor agradece a intervención, polo seu ton, e pensa que é bo que o Consello de Goberno escoite todas as opinións. Entende que haberá aínda moito percorrido para a titulación, o que pode supoñer variacións na mesma.

O reitor propón por asentimento asumir o informe da Asesoría Xurídica e inadmitir a trámite o recurso, denegando a suspensión do acto solicitado.

Apróbase por asentimento o indicado no parágrafo anterior.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:00 h do día 16 de setembro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral